

FESTA DAS POMPAS

COMO TODOS OS ANOS CHEGOU O MOMENTO DA FESTA DAS POMPAS!!!

ESTE ANO CELEBRARÉMOLA XOGANDO COAS NOSAS FAMILIAS E CON POMPEIROS FEITOS POR NÓS. O PRIMEIRO PASO SERÁ FACER O LÍQUIDO PARA AS POMPAS.

POMPAS DE CORES

ESTES SON OS MATERIAIS NECESARIOS:

- $\frac{1}{2}$ VASO DE AUGA DESTILADA OU DA BILLA
- $\frac{1}{3}$ VASO DE DETERXENTE LÍQUIDO PARA LAVAR PRATOS.
- 1 CHORRIÑO DE GLICERINA.
- COLORANTE EN GOTAS.

PASOS A SEGUIR:

1º MESTURA NUNHA XARRA OS INGREDIENTES SEN CHEGAR A BATER PARA QUE NON FAGAN ESCUMA.

2º SE QUERES MELLORAR OS RESULTADOS PODES DEIXALO REPOSAR UN DÍA ENTEIRO.

3º REPARTE O LÍQUIDO EN POMPEIROS E PON EN CADA UN ALGUNHAS GOTAS DE COLORANTE

SERPE DE POMPAS



MATERIAIS

- 1 BOTELLA PEQUENA DE PLÁSTICO CON BOQUILLA PARA BEBER
- TESOIRA
- GOMA ELÁSTICA
- ANACO DE TOALLA
- MESTURA PARA FACER BURBULLAS
- COLORANTE (OPCIONAL)

1º CORTAR A BASE DA BOTELLA CUNHAS TESOIRAS.

2º COLOCAR SOBRE A PARTE CORTADA UN ANCO DE TOALLA E ANUDALA COA GOMA ELÁSTICA.

3º MOLLAR A TELA NA SOLUCIÓN ESPECIAL PARA POMPAS. DARLLE UN GOLPE Á BOTELLA.

4º COMENZA A SOPLAR POLA BOQUILLA, CANTO MÁIS DESPACIO O FAGAS MÁIS SINXELO SERÁ QUE CONSIGAS FORMAR UNHA LONGA SERPE DE POMPAS.

5º SE QUERES QUE TEÑA CORES TAMÉN PODES MOLLAR A TOALLA NUN OU VARIOS COLORANTES ALIMENTICIOS.

MÁQUINA DE POMPAS

MATERIAIS

- RECIPIENTE DE PLÁSTICO CON TAPA
- 1 TALADRO DE BURATOS
- PALLIÑAS
- LÍQUIDO PARA FACER POMPAS
- CÚTER

PASOS A SEGUIR

1º COA AXUDA DO CÚTER FAI UN ORIFICIO NA METADE DO RECILIENTE DE PLÁSTICO.

2º INTRODUCE UNHA PALLIÑA POLO ORIFICIO.

3º FAI UNS BURATOS MÁIS AO REDOR DA TAPA PARA QUE SAIAN AS POMPAS.

4º COLOCA UN POUCO DE LÍQUIDO PARA FACER POMPAS NO INTERIOR.

5º SOAMENTE QUEDA SOPLAR E QUE AS POMPAS SAIAN POR TODOS OS BURATOS DA TAPA.



POMPAS XIGANTES

MATERIAIS

- 6 TAZAS DE AUGA DESTILADA OU DA BILLA
- $\frac{1}{2}$ TAZA DE DETERXENTE LÍQUIDO CONCENTRADO PARA PRATOS
- $\frac{1}{2}$ TAZA DA FARIÑA DE MILLO
- 1 CULLERADA DE LEVADURA EN PÓ
- 1 CULLERADA DE GLICERINA
- 2 PAOS
- 1 CORDEL FINO

PASOS A SEGUIR

1º DISOLVER A FARIÑA DE MILLO NA AUGA MESTURANDO MOI BEN NUN RECIPIENTE GRANDE.

2º ENGADIR O RESTO DOS INGREDIENTES CON COIDADADO DE NON BATER PARA QUE NON SE FAGA ESCUMA.

3º DEIXAR REPOUSAR UNHA NOITE

4º COLLER OS PAOS E ATARLLES NO BORDE O CORDEL

5º SOAMENTE TES QUE METELO NO LÍQUIDO E AXITALO NO AIRE PARA CREAR UNHA SENSACIÓN MÁXICA



E AGORA A DESFRUTAR DA FESTA DAS POMPAS!!!

PASÁDEO MOI BEN COS AMIGOS E
FAMILIARES E SE QUEREDES PODEDES
COMPARTIR CON NÓS A VOSA
EXPERIENCIA MANDÁNDONOS FOTOS AO
NOSO CORREO

DESFRUTADE MOITO, PASÁDEO
XENIAL!!!

MOI, MOI, FELIZ VERÁN A
TODOS!!!